

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Constitución, as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade con:

- A) A Declaración Universal de Dereitos Humanos e os acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
- B) Os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
- C) A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

2. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das competencias seguintes NON corresponde á Consellería de Sanidade?:

- A) A elaboración, desenvolvemento e coordinación da execución das directrices da política sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia.
- C) A proposta dos módulos económicos para a prestación de servizos propios e a aprobación dos concertados.
- D) A proposta sobre incorporación de novas prestacións no Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a actualización da carteira de servizos.

3. Conforme á Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias estarán orientadas, entre outras:

- A) A promover o interese individual, familiar e social pola saúde mediante a adecuada educación sanitaria da poboación.
- B) A garantir que cantas accións sanitarias desenvólvanse estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

4. Segundo a Lei galega 3/2001 reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinale a opción INCORRECTA:

- A) O titular do dereito á información previa ao consentimento é o paciente.
- B) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade do paciente.
- C) As instrucións previas poderán revogarse libremente en calquera momento deixando constancia por escrito.
- D) Entre a información da historia clínica que se conservará indefinidamente atópase, entre outras, os informes de alta e as follas de evolución e de planificación de cuidados de enfermería.

5. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, indique a opción correcta en relación ao Servizo Galego de Saúde:

- A) O seu obxectivo é a provisión dos servizos e prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) É un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) Está integrado polos centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

6. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinale a opción INCORRECTA:

- A) Cando a adaptación das condicións ou do tempo de traballo non resultase posible, ou, a pesar de tal adaptación, as condicións do seu posto de traballo puidesen influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, ou da muller ou do fillo en período de lactación, a traballadora poderá ser adscrita a un posto de traballo distinto do seu destino.
- B) No sistema de selección mediante concurso-oposición, a puntuación obtida na fase de concurso poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.
- C) O persoal fixo poderá ser destinado en comisión de servizos, con carácter temporal, ao desempeño de funcións especiais non adscritas a unha determinada praza ou posto de traballo.
- D) Nos procesos de promoción interna, os aspirantes deberán ter, entre outros requisitos, a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao daquela á que se pretende acceder.

7. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, indique a opción correcta:

- A) As leis de Galicia serán promulgadas en nome do Rey polo Presidente da Xunta e publicadas no «Diario Oficial de Galicia» e no «Boletín Oficial do Estado». A efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».
- B) A Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia.
- C) O Presidente do Parlamento, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente, e oída a Mesa, propondrá un candidato a Presidente da Xunta.
- D) As opcións B) e C) son correctas.

8. Sinale a opción correcta en relación con la situación de excedencia voluntaria, conforme ao establecido no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Cando se solicite por interese particular será preciso prestar servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores.
- B) Non poderá concederse a excedencia voluntaria por interese particular a quen estea sometido a un expediente disciplinario.
- C) O tempo mínimo de permanencia na situación de excedencia voluntaria por interese particular será de dous anos.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

9. Segundo o Estatuto Marco, é falta disciplinaria moi grave:

- A) A esixencia de calquera tipo de compensación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde.
- B) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.
- C) A negativa expresa a facer uso dos medios de protección dispoñibles e seguir as recomendacións establecidas para a prevención de riscos laborais.
- D) As opcións A) e C) son correctas.

10. Segundo o Decreto–Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, indique a opción INCORRECTA:

- A) O acoso sexual considerarase, en todo caso, como incumprimento moi grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma.
- B) Enténdese por acoso sexual a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- C) Os plans de igualdade son de carácter obrigatorio para, entre outros, a Administración autonómica e os seus organismos autónomos.
- D) Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizarse un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Constitución, España constitúese nun Estado:

- A) Democrático de Dereito.
- B) Social e democrático de Dereito.
- C) Plural e democrático de Dereito.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

2. Conforme ao establecido no artigo 4 da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal respecto da calidade dos datos, NON se considerará incompatible o tratamento posterior dos datos de carácter persoal con fins:

- A) históricos.
- B) históricos ou científicos.
- C) históricos, estatísticos ou científicos.
- D) históricos, académicos ou científicos.